

FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN

CONVOCATORIA DE ELECCIÓN 2022

En cumprimento do previsto na normativa legal, estatutaria e regulamentaria vixente, procédese á **CONVOCATORIA DE ELECCIÓN** na Federación Galega de Orientación, tendo en conta as seguintes especificacións, consonte o artigo 15, apartado 4, do Decreto autonómico 16/2018, modificado polo Decreto 171/2021:

a) O **calendario electoral** figura como Anexo I.

b) O **censo electoral provisional** figura como Anexo II.

c) A **distribución do número de persoas membros da Asemblea Xeral** aparece no artigo 18), apartado 1, do Regulamento Electoral (incorporado como Anexo III): “O número de membros da Asemblea Xeral é de 35 correspondendo ao estamento de clubs deportivos 23, ao estamento de deportistas 8 (dos cales a deportistas de Alto Nivel 1), técnicos/adestradores 2, e a xuíces/árbitros 2.”

d) A **data de celebración** da elección de membros da Asemblea Xeral será en principio o día 4 de setembro (tendo en conta que o **horario das votacións** será de 10:00 a 14:00 horas), mentres que a **data de celebración** da elección á presidencia será en principio o día 12 de outubro, salvo que houbera reclamacións ás candidaturas presentadas, en cuxo caso se retrasaría ao día 30 de outubro (tendo en conta que o **horario das votacións** será matinal, comezando a sesión contra as 11:00 horas).

e) Os **modelos oficiais de sobre e papeletas** seguen estritamente os fixados no Anexo I do Regulamento Electoral.

f) O **Regulamento Electoral** figura como Anexo III.

g) O **procedemento e os prazos para o exercicio do voto por correo** aparecen precisados con todo detalle no artigo 30) do Regulamento Electoral, así como no calendario electoral antes referido.

h) **Forma de remisión da documentación á Xunta Electoral:** Para todo tipo de comunicación coa Xunta Electoral, a todos os efectos previstos neste Regulamento Electoral, poderanse utilizar os seguintes enderezos electrónicos

presidentajuntaelectoralfegado2022@gmail.com

secretariajuntaelectoralfegado2022@gmail.com

vocaljuntaelectoralfegado2022@gmail.com

i) A **composición nominal da Xunta Electoral** (cuxa **recusación** pode facerse no prazo de cinco días) é a seguinte: Sandra Fariña Balsa, Elia Núñez Otero e Iván Vizcaíno Ramos, tendo en conta que o seu **endereço electrónico** aparece na letra anterior desta convocatoria.

En Pontevedra, a 9 de xuño de 2022

Asdo.: Javier Alvelo Fraguela

Presidente da FEGADO